

A PROSA DE POSGUERRA ATA 1975

O CONTO POPULAR E O CONTO LITERARIO

Todo o terreo gañado polas Irmandades da Fala e o Grupo Nós, na creación e publicación dunha literatura de prestixio e de carácter universal, quedou truncado coa Guerra Civil. No exilio, sobre todo nas cidades de Bos Aires e México, seguiu-se desenvolvendo actividade literaria en galego; aquí, a primeira novela da posguerra publicouna Galaxia en 1950: *A xente na barreira*, de Ricardo Carballo Calero. Despois dela apareceron outras obras de autores que xa iniciaran a súa actividade literaria antes da guerra: Ánxel Fole, Alvaro Cunqueiro e Eduardo Blanco Amor.

Na década dos 60 deuse a coñecer a Nova Narrativa Galega: un grupo de escritores mozos (Méndez Ferrín, Carlos Casares, María Xosé Queizán, Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xohana Torres e Camilo González Suárez-Llanos) que trouxeron á literatura galega os temas e formas innovadoras do Nouveau Roman francés e de autores como Kafka, Marcel Proust, Faulkner e James Joyce.

Xosé Neira Vilas, un dos escritores de máis éxito na posguerra coas súas *Memorias dun neno labrego* (1961), coincide cronoloxicamente cos membros da Nova Narrativa, pero a súa obra non incorpora as innovacións técnicas daqueles.

Ánxel Fole

Naceu en Lugo en 1903. Estudou Dereito en Santiago, onde contactou co movemento nacionalista, reafirmando esta militancia durante a Segunda República. Despois da guerra traballou como profesor e xornalista. Morreu en 1986. O máis salientable da súa obra son os contos publicados desde os anos 50: *A luz do candil* (1952), *Terra Brava* (1955), *Contos na néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981).

Fole é un contador de historias. Nel difumínase a diferenza entre o conto popular e o conto literario. Do conto popular toma, como xa fixeran Dieste ou Castelao, a anécdota: o misterio que hai nas lendas e mitos como a Estadea ou o desacougo que producen no lector seres sobrenaturais da nosa tradición como os aparecidos ou ánimas en pena; do conto literario toma, seguindo ós grandes mestres do xénero: Poe e Doyle, a técnica axeitada para, sen distanciarse da maneira folclórica de contar unha historia, realzar o suspense e o engado necesario para atrapar ó lector ata a fin do conto.

A súa obra representa a dignificación do conto de tradición popular e, consecuentemente, da aldea que os produciu, coa súa diversidade de formas humanas e a súa riqueza nas súas manifestacións culturais.

O conto popular pertence a unha colectividade. É, polo tanto, anónimo. A súa forma de transmisión é oral, o que dá lugar á existencia de variantes e, como consecuencia, de diferentes versións.

En Galicia, o conto popular ten unha grande importancia. A vida rural tiña, e segue tendo aínda hoxe uns espazos propios para este tipo de comunicación: a taberna, a lareira, o lavadoiro, etc., que o diferencian claramente do conto literario

O conto literario é un xénero que tivo un intenso e frutífero cultivo na literatura galega. No Rexurdimento temos xa o primeiro precedente co Conto gallego de Rosalía. A intensa actividade literaria que se desenvolveu desde as primeiras décadas do século XX, especialmente por parte dos homes da época Nós, renovou a estética ruralizante dos contos de finais do XIX. Prodúcese unha apertura temática e unha universalización do xénero, en consonancia cos obxectivos que se perseguiron noutros eidos da cultura galega. Foi un labor de modernización que sentou as bases dunha tradición na nosa narrativa curta. É obrigado sinalar, entre outros, a Dieste, Castelao, Pedrayo, e Risco. Na literatura de posguerra houbo importantes continuadores desta tradición, coma Blanco Amor, Ánxel Fole ou Alvaro Cunqueiro. Coa Nova Narrativa, o conto coñeceu unha renovación radical, tanto desde o punto de vista formal coma temático, proliferando notablemente o seu cultivo. Hoxe en día segue a ser un xénero de gran recorrencia na literatura galega, avalado por unha sólida tradición. É interesante o fenómeno de contaminación entre o conto popular e literario que se produce en autores como Dieste, Fole e Cunqueiro.

Alvaro Cunqueiro

Naceu en Mondoñedo en 1911. De neno frecuentaba a botica do pai onde gozaba das narracións esaxeradas de cazadores e pescadores e dos ditos e crenzas dos clientes. Todo iso foi a orixe, tal como el ten dito, da súa inclinación a fabulación. Antes da guerra colaborou co Grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos e publicou poesía de inspiración neotrobadoresca; despois do conflito traballou como xornalista en Madrid e desde 1947 en Galicia: entre 1961 e 1970 foi director do xornal Faro de Vigo. Morreu en Vigo en 1981.

Cunqueiro foi un escritor polivalente: cultivou con mestría todos os xéneros literarios (poesía, narrativa, teatro e ensaio), pero tamén foi un precursor na divulgación de algo tan actual coma as viaxes e as receitas de cociña. O longo da súa vida recibiu numerosos premios: en 1958, o Premio Nacional da Crítica; en 1960, o Premio Valle-Inclán de Teatro galego, e, en 1968, o Premio Nadal.

A súa obra é dunha orixinalidade extrema e non se presta a unha definición e clasificación convencional. Servíndose das lendas, contos e romances populares galegos e a súa febril imaxinación inventou mundos onde se mestura a realidade e a fantasía, o que o converteu para moitos nun pioneiro do realismo máxico. Con todo, pode clasificarse en dous grupos:

1. As obras que presentan retratos de tipos galegos. Este grupo inclúe: *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979). Son obras que conteñen relatos breves. A través deles Cunqueiro ofrécenos o retrato dun mundo, o rural, que estaba en proceso de desaparición por mor do auxe dos valores do mundo urbano e tamén pola penetración masiva dos medios de comunicación.
2. As súas obras maiores: *Merlín e familia* (1955), *As crónicas de Sochantre* (1956) e *Se o vello Simbad volve se ás illas* (1961). Nelas Cunqueiro combina mundos mitolóxicos e literarios de carácter universal con espazos galegos.

En *Merlín e familia*, Cunqueiro sitúa o mítico mago Merlín nas terras luguesas de Miranda. A través de diferentes relatos, que podemos considerar como independentes desde o punto de vista da historia, nárranos as visitas de personaxes maravillosos que veñen pedir consello a Merlín. Non obstante, esa dependencia é relativa porque hai dous elementos que lle confiren unidade a todo o libro: a presenza de certos personaxes que aparecen en todas as historias (como Merlín e o seu criado Filipe de Amancia) e a repetición dun esquema común a todas elas: chegan á casa do mago uns visitantes de afastadas terras, expoñen o seu problema e a continuación Merlín preséntalles unha solución feliz. Aínda que o narrador principal do libro é Filipe, testemuña dos sucesos fantásticos que se narran, a intervención de distintos viaxeiros con cadanseu relato introduce múltiples voces e perspectivas no texto.

Se o vello Simbad volve se ás illas entrelaza as historias lendarias de Simbad o mariñeiro de As mil e unha noites e a tradición mariñeira galega coa que todos nos identificamos.

As crónicas do sochantre é a única obra na que Cunqueiro se internou nos escuros mundos de ultratumba. Charles Anne Guenolé Mathieu de Corzon, sochantre (eclesiástico que dirixe o coro dunha colexiata ou dunha catedral) de Pontivy, vese envolto nunha tétrica aventura: pouco despois da Revolución Francesa percorre a Bretaña nunha lúgubre carroza con cocheiro, con cabalos e con viaxeiros mortos que nos contan cadansúa historia e a razón pola que non descansan en paz.

UN TAL Melle, veciño de Loboso, partido de Mondoñedo, decidiu, cando xa cumprira setenta anos, aprender a ler e a escribir, e en menos dun mes o mestre houbo de dalo por útil. Os que lle preguntaban a qué viña tomarse aquel traballo ós seus anos, contestaba que ó mellor podía mandar algún recado dende o outro mundo, e entón sempre sería mellor por escrito que de palabra. Para que non houber dúbida de que era el quen mandaba novas, deixaría denantes de morrer unha amosa de letra en papel de barba. E mandou Melle que cando morrese, que lle meterán no peto da chaqueta papel, sobres, e lapis tinta.

Loboso é o máis alto de Pastoriza, e fai honra ó nome: montes avesios, xesteiras ata carón das casas, hortas pobres, folgados costentos nos que malmedra o centeo, brañas isoladas e o lobo vagante. A xente de Loboso é alta e roiba, e o pelo dourado das mozas é a única flor en toda aquela soidade.

Finou Melle, e enterrárono co recado de escribir que pedira, e o lapis tinta afiado polos dous cabos, e aínda lle meteron no peto unha navalliña por se crebaba puntas, que apertaba moito ó escribir... Pasou o tempo e non chegaba recado ningún de Melle e a xente de Loboso íase esquecendo da ocorrencia. Pasaron dous longos invernos e dous ledos e pequenos veráns. Un sobriño de Melle, por Pascua, mercou na feira de Meira un par de galiñas, unha negra castelá e outra de pescozo pelado, e ó soltalas na eira miroulles o ovo, e esta derradeira viña con el na punta, tanto que o puxo deloutro día cediño, e cacarexouno ben. Era un ovo longo, longo, coa casca morena e manchada. O sobriño de Melle pensou que tragaría dúas xemas, e antollóuselle de almorzo unha torreznada, e, cando xa se engurraban os liscos na tixola, partiu o ovo nun prato para batelo, e o ovo, por dedentro, estaba baleiro de clara e xema, e soamente gardaba un sobre, no que estaba escrito con letra de lapis tinta —letra comprobada do finado Melle— esto: "Amañai la chimenea. Tu tío que lo es Vitoriano Melle!! E, so o nome, un solemne rubricado. E ben se vía que o Melle tiña mollado a punta do lapis máis de dúas veces escribindo o recado.

Deu a nova o sobriño a voces, acudiron os veciños e foi lido cen veces o sobre. Cando o sobriño foi ó galiñeiro buscar a galiña do pescozo pelado, atopouna morta. E o aviso do finado chegara a tempo se fose atendido, que dúas noites despois un vendaval que viña tolo levou a cheminea dos Melle. E isto é todo. Os Melle de Loboso conservan a carta do tío. Hai veciños de seu que din que aínda recibiron outras, e todas por ovos ou camiños máis secretos aínda, pero que esas cartas non as amosan porque tratan de intereses e consellos en preitos.

Alvaro Cunqueiro. Escola de menciñeiros.

Este Tristán do que conto nunca soubo porqué lle puxeran este nome no sacramento do bautismo, nin coñecía a nin-guén que se chamase como el.

Un tío de seu que traballaba como camareiro nun restaurante moi famoso de Lisboa, dicíalle que en Portugal coñecía a dous ou tres cabaleiros dese nome, e que todos eles eran ricos. Tristán foi cumprir o servizo militar a León, e alí, un día nun quiosco, mercou por dous reás La verdadera historia de los amantes Tristán e Isolda, cos namorados moi abrazados na portada do folletín. Ao fin ía saber quen fora aquel Tristán cuxo nome levaba. Cando chegou ao final da historia coa morte de delambos namorados, Tristán García verqueu unhas bágoas. E dende aquela deu en matinar que andando el polo mundo atopaba unha muller chamada Isolda, e gostábanse, e facíanse noivos, e casaban, e vivían moi felices en Viana do Bolo, de onde Tristán era natural. A todos os seus compañeiros do Rexemento de Burgos 38, preguntáballes se por un casual habería no seu pobo unha rapaza que se chamase Isolda. Non a había. Había algunha Isolina solta, pro Isolina non era o mesmo que Isolda. Tristán doíase de non dar con esa Isolda, porque se non a atopaba agora en León, onde había tanta familia, non a ía atopar en Viana do Bolo, traballando na terra. Un día mandouno chamar un sarxento chamado Recuero.

—¿Ti es ese que andas coa teima de atopar unha muller que se chame Isolda?

—Sí señor.

—Pois en Venta de Baños hai unha viúva dese nome. —¿Nova ou vella? —¿Que sei eu! Coido que é churreira.

Tanto tiña metida no seu maxín o noso Tristán a novela famosa, que non puido dubidar de que aquela Isolda de Venta de Baños fose nova e fermosa. En todo caso, se era vella, tería unha filla ou unha sobriña que a seguise no nome, e se era churreira como ela podía seguir co negocio en Ourense ou en Viana, onde xa é hora que desen nos bares chocolate con churros. Tivo Tristán un permiso, e cos vinte pesos que tiña aforrados tomou en León o tren para Venta de Baños. Xa naquel empalme preguntou pola churrería da Isolda. Estaba a churrería perto da estación. E a señora Isolda era aquela que estaba envolvéndolle uns churros a un señor cura. Era unha velliña co cabelo branco, fermosos ollos negros, e pel tersa, as mans moi graciosas pondo os churros no papel de estraza e espaxando o azucre por derriba deles. Tristán dubidou entre falarlle ou non, pro xa levaba gastadas corenta e sete pesetas no billete de ida e volta. —¡Bos días! ¿Vostede é a señora Isolda? —¡Servidora!, respondeulle a velliña, sorríndolle. —¡E que eu son Tristán e viña a coñecela!

A velliña pechou os ollos, e agarrouse ao amosador para non caer. Bágoas rodaban polas súas meixelas.

—¡Tristán! ¡Tristán querido!, puido dicir ao fin. ¡Toda a miña mocidade agardando a coñecer un mozo que se chamase Tristán! ¡E como non viña, casei cun tal Ismael, que era de Madrid!

Tristán saudou militarmente e despacio volveuse á estación a agardar o primeiro tren para León. Cando este chegou e Tristán subía ao vagón de terceira apareceu a señora Isolda, cun paquete de churros. Doullo a Tristán e bicoulle a man. Non se non dixeron nada. Cousas así só pasan nos grandes amores.

Alvaro Cunqueiro. Os outros feirantes.

Blanco Amor

Naceu en Ourense en 1897. Xa na mocidade manifestou interese pola literatura e coñeceu as vangardas europeas a través de Vicente Risco. En 1919 emigrou a Arxentina. De 1929 a 1931 e de 1933 a 1936 viaxou a España como correspondente do xornal La Nación. Foi entón cando entra en contacto cos membros da Xeración do 27, moi especialmente con Federico García Lorca, con quen mantivo amizade. Despois da guerra considerouse un exiliado galego máis en Arxentina. Alí pasaría a maior parte da súa vida, escribindo libros e desenvolvendo unha intensa actividade cultural no ámbito do teatro (participou na creación das compañías Teatro de Cámara El Tinglado e Teatro Popular Galego), da radio e da prensa (foi director das revistas Céltiga e Terra). En 1962 regresou a Galicia e morreu en Vigo en 1979.

Antes da guerra Blanco Amor centrara a súa actividade na poesía de tendencia vangardista entre o imaxinismo e o creacionismo. En 1927 publicou un conto na Revista Nós titulado Os nonnatos. Pero sería despois da guerra cando produciu as súas mellores obras: *A esmorga* (1959), *Os Biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972). As tres presentan características comúns:

* Un mesmo espazo literario: a cidade de Auria, imaxe de Ourense.

- Ambientación temporal de finais do século XIX e principios do XX (período coincidente coa infancia do autor).
- Predominio do narrador en primeira persoa, protagonista dos acontecementos que conta.
- Sensación de realismo.

Xente ao lonxe é a reconstrucción novelada (é dicir, sen rigor histórico) do Ourense de principios de século desde a perspectiva dos diferentes membros dunha familia obreira. A través deles coñecemos o tecido social da cidade e os seus problemas ante os temas universais: a educación, a pobreza, a hipocrisía social, a política, a emigración... A acción está temporalmente enmarcada por tres fitos históricos de especial relevancia para a Historia de Galicia e de España: a Guerra de Marrocos, a Semana Tráxica de Cataluña e o Motín de Oseira.

Blanco Amor escribiu as súas obras seguindo técnicas innovadoras da Nova Narrativa. Por exemplo, utilizou o multiperspectivismo, é dicir, construíu a historia desde o punto de vista de varios personaxes (por exemplo, *Os biosbardos* é un conxunto de relatos narrados por diferentes nenos que nos presentan un Ourense visto desde a perspectiva da infancia), e introduciu espazos urbanos e protagonistas de clase baixa co seu propio xeito de falar (*Xente ao lonxe* desenvólvese na cidade de Ourense e ten como protagonista a unha familia obreira).

A esmorga adoita considerarse, por moitas razóns, unha das obras mestras da literatura europea do século XX. A obra recolle o relato tráxico que un personaxe, Cibrán Cañedo, pertencente ó mundo suburbano, lle fai a un xuíz anónimo e calado dos violentos e fatais acontecementos protagonizados por el e outros dous compañeiros (o Bocas e o Milhomes) nun día de esmorga. No relato só aparece o texto de Cibrán; as supostas intervencións do xuíz, doadamente deducibles a partir das respostas do narrador-protagonista, aparecen substituídas por un guión. O autor inclúe unha nota inicial e un epílogo, para nos informar dos preliminares e do desenlace dos feitos.

A lectura da obra lévanos ata as miserias da realidade e natureza humana. En primeiro lugar, porque a través do diálogo xordo entre o acusado, protagonista principal, e o xuíz sen voz e sen rostro sobreentendemos a existencia dunha Xustiza prepotente que condena de antemán; e, en segundo lugar, porque somos testemuñas da autodestrución dos tres personaxes principais; coma se os tres estivesen predestinados, guiados por un mal fado, e avansasen irremediabilmente cara ó seu triste final: a súa propia destrución.

Na novela tamén destaca o tratamento do tempo. Todo o narrado sucede en a penas vintecatro horas; é dicir, aplícase a técnica da redución temporal.

Os Biosbardos é unha colección de relatos protagonizados por nenos e adolescentes, unha radiografía vista desde a perspectiva da infancia dunha sociedade fortemente autoritaria e rexida desde a Igrexa e a Escola.

—¿Pro por que, meu señor? —¿Incomunicado? ¿E iso que ven a sere?

—Por máis que eisi sexa, e eisi ten que sere, xa que vostede o di. ¿Pro que mal habería pra ninguén en que ela mesma me dese a comida que me trai?

—Por máis que eisi sexa. ¿Que pode facer a probe da vella? Xa que está eí... Somentes darlle unha aperta pra asosegala e pra que sepa que eu nada fixen de mao e que estóu pra declarare, e que ninguén me pode apoñer o que non fixen... Ademáis que quero saber da Raxada e máis do pequecho. Coido que un home ten dereito a saber dos seus.

—Non señor, que elle tan xorda que leve o diaño se non oucen o que falo sen se moveren de eiquí. E se cadra nen falamos ren, dempóis de preguntarle pola Raxada i o pequecho. A probe da vella xa fai anos que se cansou de me falar, ¡malia a hora que me botóu ao mundo, que fora mellor que me botase ao cortello dos marraus, perdoando! Agora xa non me fala. Óllame con aquelas bágoas caladas, que xa lle fixeron canles polas enrugas, como quen mira pra un que xa non ten remedio, que era mellor que me fendese a maldicións.. .Agora somentes me di: "Acouga, meu fillo, acouga... ¿Cando vas acougare dunha vece, meu filliño?"

—Boeno, será coma vostede di, que deso das leises nada entendo nin falla que me fai... pro ogallá que o atope de indulxencias no ceio...

—Nada, señor, nada. Estaba a falare pra min. Disimule. —Si señor... Pois como ía dicindo..., seguía chovendo a Deus dala...

—¡Ai, señor, eso pareceralle a vostede...! Pro eu dígolle que a chuvia tivo moita da culpa... Si en troques daquel froallo apegadizo que topei ao saír de estar coa Raxada, e daquela chuvia mesta e sen trégoas que dempóis se botoif sobor do mundo, que era coma andar por un pesadelo sen podere saír por ningures, moitas cousas que socederon non terían socedido, porque eu houbérame ido pra o meu traballo sen facer caso de ninguén. Doulle a miña palabra de home.. Porque unha cousa é o que un pode facere co seu xornal, e outra moi diferente é sere lacazán e non saberse valer na vida ou querere pasala de papaleisión. Que eu son home de traballo sábeo todo o mundo, que

endexamáis estou de folganza máis que cando non o hai. E gústame de vrau e de inverno, polo bo tempo e polo mao; que aínda lle digo que ises días de inverno seco até dá gosto meterse na tarefa. Vostede non o sabe, nen ten por qué sabelo, porque é home de pruma. Pro eu dígolle que, chegare meio tullido, tirar de chaqueta, chuspir nas maus e pórse a mallar nos seixos pra facere o morrillo, até sentire que o sangue vai quecendo e lle vai subindo pola gorxa a gaña de botar unha cántiga.. E non lle digo nada, cando vai chegando a raxeira do sol por enriba dos montes.. ¡Boeno, agora xa se fodeu todo!

Conque, como ía dicindo, fumos a parare xunto ao caño grande da Burgas. Cun caixón que aló atopamos, fixemos un lume de pitelos pra secármonos e tamén pra asare un anaco de zorza de raxo, que o Milhomes pillara no mesón da tía Esquilacha, porque ise tamén...

Eles diron conta do augardente que quedaba, e dempóis de manxar voltaron a topeñaren outro sonete, que eu non sei como fai algun- ha xente que pode adormentarse cando lle peta...

Eu púxenme a pensar, a pensar, coma fago decote cando non teño o "pensamento". Porque o "pensamento" é cousa moi diferente do pensar. Cando penso, goberno eu; pro cando se me mete o "pensamento" vólcome outro, mesmamente coma si non fora eu... Pensei na Raxada que tena ido, con toda aquela auga de Deus, a levarme o xantar ás obras, tal coma quedáramos, como facía decote, tan leda e sorrinte cando estabamos a ben, e no bo tempo traguía tarnén ao rapaz e axuntabámonos alí, ao pé duns érvedos.. E pensei na miña nai, tan estragadiña dos traballos... E pensei tamén en cómo tena sido meu pai, ao que non coñecín e polo que dil dicían non se perderá moito; e pensei no meu irmao que nunca se soupo dil e que endexamáis voltara de por eí adiante, e na miña irmaciña, co aqués males que lle daban e aquel quedárese descorada e rixa horas inteiras, que foi mellor que Deus a levara, que disque todo lle viñera da doenza que meu pai trouxo de cando andivera de barrendeiro, en Cádiz, sendo mozo...

Xosé Neira Vilas

Naceu en 1928 na aldea de Gres, no concello pontevedrés de Vila de Cruces. En 1949 emigrou a Bos Aires, onde se formou de xeito autodidacta e se mantivo moi vinculado co ambiente galeguista do exilio arxentino. En 1961 trasladouse a Cuba, e nese país crearía unha extensa obra que, se ben abarca os tres xéneros, sobresaie sobre todo no ámbito da narrativa, pero sen incluírse dentro da renovación técnica da Nova Narrativa.

Xosé Neira Vilas, un dos escritores de máis éxito na posguerra coas súas *Memorias dun neno labrego* (1961), coincide cronoloxicamente cos membros da Nova Narrativa, pero a súa obra non incorpora as innovacións técnicas daqueles. As súas obras son unha crónica da sociedade galega rural e da emigración a América e acadaron un éxito editorial sen precedentes. Ese éxito débese, sobre todo, a que Neira Vilas conta historias sen artificios técnicos que dificulten a súa lectura e interpretación. Os seus textos están protagonizados por xente anónima e humilde que sobrevive co seu esforzo no campo, en conflito constante coas normas e estruturas sociais que lle son impostas desde un Estado alleo ás súas necesidades ou en loita coa forza da natureza.

Se ben Neira Vilas é coñecido sobre todo pola reconstrución socialrealista que realiza da vida rural desde a perspectiva dun rapaz en *Memorias dun neno labrego* (1961), hai que destacar que a súa obra é extensísima. Ademais das crónicas da vida labrega e a emigración en *Cartas a Lelo* (1971), *Xente no rodicio* (1965), *Lar* (1974) ou *Nai* (1980), sobresaen títulos como *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *Remuíños de sombras* (1973) e *Tempo Novo* (1987).

Textos

Este fragmento pertence a *Memorias dun neno labrego*, o primeiro gran "Best Seller" xunto a *O Catecismo do labrego* de Lamas Carvajal da nosa literatura. A razón deste éxito de lectores hai que búscala ante todo na súa calidade e en que o autor consegue crear un personaxe tan real que logra que os lectores sintan que algo deles comparten co protagonista e as súas peripecias. Este personaxe é un neno, labrego e pobre como a maioría dos galegos que leron esta historia en 1961 cando foi publicada.

Eu son...

Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen dis, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesar do que lle aconteceu por causa miña.

No verán ando descalzo. O po quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha para espetáreme nos pés.

Érgome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañá para ir co gando, restrebar ou xuntar monllos. Cando amañece xa me doe o lombo e as pernas. Pero o día comeza. Sede, sol, moxardos.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os brazos son coma espeteiras para encolgar farrapos. Murnas, feridas, dedos sen tentos. ¡Que saben desto os nenos da vila!

Eles ignoran o que eu penso mentres boto ó corpo un gurrucho de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a chuvia unha pantasma bretemosa en cada árbore. A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre "cando está de Deus", como di a madriña. Os rapaces somos tristes. Enredamos, corremos tras dos foguetes e ata rimos, pero somos tristes. Temos a pobreza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

Eu quixera andar mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nacín e crieime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle poden contar a ninguén. Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por eso escribo. E despois durmo como unha pedra. Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enriba un bocoi ¡Cousas miñas! E tamén de Smith, o capitán que estivo na guerra e cando voltou para a casa púxose

a escribir todo o que lle acontecerá. Así está nun libro que me trouxo o Landeiro. ¡Se eu fixese un libro! Nin falar. Ogallá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel deborco todo o que sinto. Moi pouca xente o fai. Todos abren o peteiro para dúas cousas; para dicir a verdade ou para arredarse dela.

Na miña casa non me comprendían. E outro tanto aconteceme na do Landeiro. Eso é o peor que lle pode suceder a un, pero a moita xente non se lle dá.

Eu non sei se desvarío. Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendela. Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, árbores. ¿Que é todo isto? Ninguén me di, poño por caso, para qué serven as estrelas, nin onde morren os paxaros. Sei

de certo que moitísimos anos antes de nacer eu xa había sol e penedos e fuxía a auga polo río. E estou seguro de que todo seguirá igual despois de que eu morra. Virá máis xente, e máis, tripando uns nos outros, esquecéndose adrede dos que morreron, coma se non houbesen vivido.

Escribir nun caderno -¡quen o diría!-, é coma baldeirar o corazón. Parece un milagre, pois ó fin de contas non pasa de ser unha conversa comigo mesmo. Pero para min é milagre todo. Dende as pingueiras da chuvia ata o canto do grilo.

Aínda que se me ocorrese facer un libro, como fixo Smith, de pouco valería o que conte. Smith estivo na guerra, e eu son apenas "o neno", como me chaman na casa. Son Balbino. Un rapaz da aldea. Un ninguén.